

Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019

Resumo de resultados 20/12/2019

Índice

| | |
|--|----|
| Introdución..... | 1 |
| Estrutura produtiva de Galicia..... | 2 |
| Desagregación por sectores..... | 4 |
| Sector primario | 5 |
| Sector industrial | 7 |
| O subsector da industria manufactureira..... | 8 |
| Sector construcción | 13 |
| Sector Servizos | 14 |
| Sectores característicos da economía galega..... | 18 |

Introdución

As Contas económicas anuais son unha estatística de síntese de carácter estrutural. O seu obxectivo é ofrecer ao usuario unha representación cuantificada da realidade económica galega, completa, sistemática, sinxela e detallada.

Esta actividade segue as liñas metodolóxicas establecidas para o conxunto dos Estados membros da Unión Europea polo Regulamento do Sistema Europeo de Contas (SEC 2010).

Ofrece información do cadre macroeconómico de Galicia desde o ano 1995 e achega información desagregada para 72 sectores económicos desde o ano 2000. Dentro das súas utilidades están:

- Coñecer a estrutura produtiva da economía galega e fornecer de información útil para a análise da situación económica da rexión.
- Afondar en partes ou aspectos específicos da economía
- Coñecer a evolución temporal dos sectores económicos que conforma a nosa economía
- Os resultados son a base da contabilidade trimestral, das estimacións do producto interior bruto municipal e gardan coherencia coa desagregación e

maior alcance do Marco Input-Output. Tamén son a base tanto das previsións económicas como dos estudos sectoriais que se teñen realizando no IGE.


A “[Revisión Estatística 2019](#)” (RE19) é unha revisión extraordinaria regular das contas económicas realizada por criterios estatísticos: incorporación de novas fontes de información, mellora nos procedementos internos de estimación e homoxeneización de criterios de estimación de determinadas variables. Coa implantación desta Revisión, Galicia cumpre coas recomendacións de Eurostat e garante a comparabilidade dos seus datos cos das economías da súa contorna.

Estrutura produtiva de Galicia

A estimación do PIB pola vía da oferta permite coñecer que sectores produtivos contribúen á xeración de valor engadido en Galicia. O sector servizos achega o 62,8% do Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia no ano 2017. Este sector é cada vez máis relevante no PIB: pasou de achegar o 56,4% do PIB en 1995 ao 62,8% no ano 2017. O sector industrial achega o 16,1%, o sector primario 5%, a construcción un 6,6% e os impostos netos sobre os produtos un 9,6%.

Distribución do PIB pola vía da oferta


Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

Distribución do PIB pola vía da demanda

Unidade: porcentaxe (%)




Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

A estimación do PIB pola vía da demanda permite coñecer a achega da demanda interna (gasto en consumo final e formación bruta de capital –investimentos-) xunto coa demanda exterior. O gasto en consumo final, que inclúe tanto o realizado polos fogares como polas Administracións públicas e ISFLSF, representa o 85,3% do PIB. O investimento representa o 16,3%.

Distribución do PIB pola vía das rendas

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

Pola vía das rendas o PIB expresa a remuneración dos factores produtivos: traballo (remuneración de asalariados), capital (excedente de explotación bruto) e o pagamento de impostos. Dentro do excedente de explotación bruto recóllese tamén a renda mixta, que é a remuneración do traballo autónomo. A remuneración dos asalariados achega o 43,8% do PIB no ano 2017, mentres o excedente de explotación bruto achega o 46,1%.

Desagregación por sectores

As contas económicas anuais ofrecen un alto nivel de detalle sectorial, polo que é posible afondar no coñecemento da estrutura produtiva de Galicia analizando as ramas de actividade que a forman. No ano 2017 o 73% do emprego da economía galega está centrada no sector servizos, no sector da industria e enerxía concéntrase o 13,2%, no sector primario o 7,2% e na construcción o 6,6% restante. En termos de VEB os servizos achegan o 62,8% do PIB, teñen un valor elevado do ratio remuneración de asalariados sobre valor engadido, é dicir, a participación

das rendas salariais na xeración de valor é elevada. A maior produtividade do factor traballo está no sector secundario. Industria e enerxía achegan o 16,1% do PIB en 2017, e a participación das rendas salariais é do 49,5%. No sector primario a produtividade do traballo é inferior á media da economía e a participación do traballo asalariado é baixo no valor engadido. Neste sector a presenza do traballo por conta propia é elevado.

Estrutura da economía galega a catro grandes sectores. Ano 2017

Unidade: porcentaxe (%), euros

| Sector | Distribución do PIB | Distribución do emprego (postos de traballo) | Produtividade (VEB/Horas efectivas) (euros) | Remuneración de asalariados/VEB (%) |
|---------------------|---------------------|--|---|-------------------------------------|
| Sector primario | 5,0 | 7,2 | 15,9 | 22,5 |
| Industria e enerxía | 16,1 | 13,2 | 37,9 | 49,5 |
| Construcción | 6,6 | 6,6 | 30,1 | 40,8 |
| Servizos | 62,8 | 73,0 | 27,5 | 51,0 |
| Impostos | 9,6 | | | |
| Total | 100,0 | 100,0 | 30,9 | 43,8 |

Fonte: IGE. Contas económicas anuais. Descarga das táboas:([distribución do PIB](#),[distribución do emprego](#))

Sector primario

As Contas Económicas anuais ofrecen información de catro ramas de actividade dentro do sector primario. Este sector emprega a 80.311 postos de traballo, dos cales más da metade son da rama da agricultura e gandería. No sector da pesca e acuicultura hai 22.150 postos de traballo. Neste sector a remuneración de asalariados representa o 22,5% do VEB xerado, porque a taxa de asalarización é baixa, como se aprecia especialmente na rama R01 “Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con ela”. Por outra banda, a produtividade do traballo é inferior á da economía.

Estrutura do sector primario galego. Ano 2017


| Ramas de actividad | VEB (miles de euros) | VEB (%) sobre total sector | EMPREGO (postos de traballo) | EMPRE GO (%) sobre total sector | Produtividad e (VEB/Horas efectivas) (euros) | Remuneración de asalariados/VEB (%) |
|---|----------------------|----------------------------|------------------------------|---------------------------------|--|-------------------------------------|
| R01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas | 1.862.488 | 62,9 | 49.698 | 61,9 | 14,0 | 13,9 |
| R02 Silvicultura e explotacion | 409.087 | 13,8 | 8.463 | 10,5 | 26,6 | 25,4 |
| R03 Pesca | 687.569 | 23,2 | 22.150 | 27,6 | 17,9 | 44,2 |
| - R03A Pesca | 510.625 | 17,3 | 16.929 | 21,1 | 16,8 | 52,0 |
| - R03B Acuicultura | 176.944 | 6,0 | 5.221 | 6,5 | 22,4 | 21,8 |
| TOTAL | 2.959.144 | 100,0 | 80.311 | 100,0 | 15,9 | 22,5 |

Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

Comparando o ano 2017 co inicio da serie contable, ano 2000, vemos como se incrementa a presenza da agricultura e gandaría no sector primario galego en termos de VEB, pero non en termos de emprego. A “Pesca e acuicultura” evolucionan de forma oposta: perden peso dentro do sector en termos de VEB pero gáñano en termos de emprego. No caso da “Silvicultura e explotación forestal” o máis relevante é o incremento do emprego, tanto en termos relativos como absolutos.

Distribución do emprego e do VEB do sector primario.

Unidade: porcentaxe sobre o total do sector(%)



PT: postos de traballo


Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

Sector industrial

Dentro do sector industrial distinguimos dous grandes bloques: o sector enerxético (que se corresponde coas seccións B, D, E da CNAE-09) e a industria manufactureira. A composición interna do sector industrial sufriu modificacións dende o ano 2000: a enerxía achegaba nese ano o 22,7% do VEB xerado, mentres en 2017 pasa a representar o 25,2% do total. En termos de emprego a industria manufactureira é máis relevante, e en 2017 o 89,9% dos empregos do sector secundario proveñen da industria manufactureira.

Distribución do emprego e do VEB no sector da Industria e enerxía.

Unidade: porcentaxe sobre o total do sector (%)



PT: postos de traballo

Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

O subsector da industria manufactureira


Este subsector está composto por 26 ramas de actividade na difusión das Contas económicas anuais. A composición da industria manufactureira pon de manifesto a relevancia da fabricación de vehículos automóbiles en Galicia. Esta rama de actividade achega un valor engadido bruto de 976 millóns de euros en 2017, o que supón o 13,7% do total da industria manufactureira galega. O emprego nesta rama de actividade é de 14.612 postos de traballo. Esta publicación pon o foco en sectores senlleiros da economía galega e ofrece unha información moi desagregada. Un exemplo témolo nas seis ramas da industria alimentaria das que ofrece información as "Contas económicas anuais". Para analizar a súa relevancia

no subsector da industria manufactureira resulta de utilidade tratarlas convuntamente.

Distribución do VEB da industria alimentaria por subramas. Ano 2017

Unidade: porcentaxe sobre o total da industria agroalimentaria(%)

- R10B Procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos
- R11 Fabricación de bebidas
- R10E Outras industrias alimentarias
- R10A Procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos
- R10C Fabricación de produtos lácteos
- R10D Fabricación de produtos para a alimentación animal




Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

O valor engadido xerado polas seis ramas da industria alimentaria supera a achega do sector do automóbil (1.576 millóns de euros), e supón a quinta parte do valor xerado pola industria manufactureira. En termos de emprego supoñen o 24,1% e superan os 31.600 postos de traballo. Dentro da industria alimentaria a participación das seis ramas que a forman en 2017 queda este xeito: a rama da conserva e do conxelado de peixe (R10B) achega o 30,4% do seu VEB, seguida pola fabricación de bebidas (R11) cun 21,1% e as “R10E Outras industrias alimentarias” cun 19,5% do VEB.

Outras industrias relevantes son a fabricación de produtos metálicos (702 millóns de euros), a metalurxia (549 millóns de euros), a industria téxtil, confección, coiro e calzado (476 millóns de euros), as reparacións e instalación de maquinaria e equipamento, que inclúe a reparación naval(409 millóns de euros) e a industria da madeira que achegou 344 millóns de euros de valor engadido á economía galega. Con respecto ao ano 2000, a composición do subsector da industria manufactureira presenta algúns cambios. A achega das industrias alimentarias ao VEB industrial manufactureiro incrementouse case cinco puntos. A fabricación de vehículos de motor, que en 2000 achegaba o 15,2% do VEB da industria manufactureira, perdeu un punto e medio porcentual e achega o 13,7% do valor engadido xerado pola industria galega en 2017. A “Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento” e as “Reparación e instalación de maquinaria e equipamento” achegan no ano 2017 un 9,8 e un 5,7% respectivamente, o que supón un incremento da súa relevancia no subsector con respecto ao ano 2000. Tamén gana presenza a rama da Confección de roupa de vestir e industria do coiro e calzado. A Industria da madeira achega o 4,8% do VEB industrial, e ganou peso interno con respecto a 2000.

Achega ao VEB da industria manufactureira. Ramas con maior achega. Anos 2010 e 2017 Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

Estrutura da industria manufactureira galega. Ano 2017

| Ramas de actividad | VEB (miles de euros) | VEB (% sobre total sector) | EMPREGO (postos de trabajo) | EMPREGO (% sobre total sector) | Produtivida de (VEB/Horas efectivas) (euros) | Remuneración de asalariados/V EB (%) |
|--|----------------------|----------------------------|-----------------------------|--------------------------------|--|--------------------------------------|
| R10A Procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos | 253.773 | 3,6 | 4.407 | 3,4 | 28,9 | 45,9 |
| R10B Procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos | 478.427 | 6,7 | 11.245 | 8,6 | 24,3 | 63,1 |
| R10C Fabricación de productos lácteos | 137.032 | 1,9 | 2.111 | 1,6 | 37,5 | 48,9 |
| R10D Fabricación de productos para a alimentación animal | 66.611 | 0,9 | 1.330 | 1,0 | 28,9 | 66,5 |
| R10E Outras industrias alimentarias | 307.570 | 4,3 | 9.653 | 7,4 | 20,2 | 64,6 |
| R11 Fabricación de bebidas | 332.368 | 4,7 | 2.927 | 2,2 | 65,7 | 30,1 |
| R12 Industria do tabaco | 0 | 0,0 | 0 | 0,0 | | |
| R13 Industria téxtil | 43.976 | 0,6 | 1.709 | 1,3 | 16,7 | 78,9 |
| R14_15 Confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado | 476.413 | 6,7 | 9.595 | 7,3 | 27,0 | 47,7 |
| R16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría | 343.818 | 4,8 | 7.911 | 6,0 | 25,0 | 66,2 |

| Ramas de actividad | VEB (miles de euros) | VEB (% sobre total sector) | EMPREGO (postos de trabalho) | EMPREGO (% sobre total sector) | Produtivida de (VEB/Horas efectivas) (euros) | Remuneración de asalariados/VEB (%) |
|---|----------------------|----------------------------|------------------------------|--------------------------------|--|-------------------------------------|
| R17 Industria do papel | 222.594 | 3,1 | 1.865 | 1,4 | 69,0 | 30,5 |
| R18 Artes gráficas e reproducción de soportes gravados | 84.091 | 1,2 | 2.851 | 2,2 | 16,2 | 89,9 |
| R19 Coquerías e refino de petróleo | 255.075 | 3,6 | 681 | 0,5 | 207,7 | 31,2 |
| R20_21 Industria química e fabricación de produtos farmacéuticos | 274.828 | 3,8 | 2.293 | 1,7 | 70,5 | 36,0 |
| R22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos | 206.924 | 2,9 | 3.741 | 2,8 | 32,9 | 59,5 |
| R23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos | 231.309 | 3,2 | 6.555 | 5,0 | 20,3 | 88,2 |
| R24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaliaxes | 548.762 | 7,7 | 4.312 | 3,3 | 77,5 | 35,1 |
| R25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento | 702.053 | 9,8 | 15.165 | 11,6 | 27,0 | 66,0 |
| R26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos | 74.731 | 1,0 | 1.012 | 0,8 | 42,9 | 52,9 |
| R27 Fabricación de material e equipamento eléctrico | 112.779 | 1,6 | 1.578 | 1,2 | 41,7 | 54,7 |


| Ramas de actividad | VEB (miles de euros) | VEB (% sobre total sector) | EMPREGO (postos de trabajo) | EMPREGO (% sobre total sector) | Produtivida de (VEB/Horas efectivas) (euros) | Remuneración de asalariados/VEB (%) |
|---|----------------------|----------------------------|-----------------------------|--------------------------------|--|-------------------------------------|
| R28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n. | 214.904 | 3,0 | 4.579 | 3,5 | 27,6 | 76,3 |
| R29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques | 976.008 | 13,7 | 14.612 | 11,1 | 36,7 | 59,5 |
| R30 Fabricación doutro material de transporte | 164.235 | 2,3 | 4.071 | 3,1 | 24,5 | 116,6 |
| R31 Fabricación de mobles | 173.340 | 2,4 | 4.812 | 3,7 | 21,1 | 70,2 |
| R32 Outras industrias manufactureiras | 52.407 | 0,7 | 1.769 | 1,3 | 17,8 | 66,1 |
| R33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento | 409.046 | 5,7 | 10.509 | 8,0 | 22,7 | 87,0 |
| TOTAL INDUSTRIA MANUFACTUREIRA | 7.143.074 | 100,0 | 131.293 | 100,0 | 31,4 | 58,4 |

Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

Sector construcción

No ano 2017 o sector achega o 6,6% do PIB de Galicia e ten 72.837 postos de traballo, isto é, o 6,6% do emprego total da nosa comunidade. Despois do ano 2009, o sector perdeu peso no total da economía galega, tanto en termos de valor engadido bruto como en termos de emprego, se ben nos últimos anos esta tendencia parece mudar incrementándose a súa achega ao PIB galego:

Evolución do sector da construcción galego. 1995-2017 *Unidade: peso no PIB (%) , postos de traballo*



Fonte: IGE. Contas económicas anuais. Descarga das táboas ([evolución do emprego](#), [evolución do peso no PIB](#))

Sector Servizos

As Contas económicas de Galicia achegan información de 37 ramas de actividade do sector servizos. Estas ramas poden agruparse, segundo a CNAE-09, en 14 seccións.

O “Comercio e reparación de vehículos” xerou en 2017 máis de 6.595 millóns de euros e 186.102 postos de traballo. Representa o 17,6% do valor engadido xerado no sector servizos. As “Actividades inmobiliarias”, que inclúen a valoración do aluguer das vivendas ocupadas polos seus propietarios, representan case o 15,7% do VEB xerado no sector servizos, pero ten escasa relevancia en termos de emprego. Isto fai que os niveis de produtividade sexan moi elevados e a participación da renda salarial no valor xerado moi baixa. As “Actividades sanitarias e de servizos sociais” xeraron 3.644 millóns de euros en 2017, cunha

elevada participación das rendas salariais (80,8% do VEB). No caso da “Educación” esta participación é incluso superior (86%). En ambos casos trátase de sectores intensivos en traballo.

Estrutura do sector servizos galego. Ano 2017

| Ramas de actividad | VEB (miles de euros) | VEB (%) sobre total sector | EMPREGO (postos de traballo) | EMPREGO (%) sobre total sector | Produtivida de (VEB/Horas efectivas) (euros) | Remuneración de asalariados /VEB (%) |
|---|----------------------|----------------------------|------------------------------|--------------------------------|--|--------------------------------------|
| G Comercio e reparación de vehículos | 6.595.793 | 17,6 | 186.102 | 23,0 | 18,7 | 52,4 |
| H Transporte e almacenamento | 2.377.494 | 6,4 | 49.034 | 6,1 | 24,8 | 48,3 |
| I Hostalaría | 3.631.413 | 9,7 | 76.477 | 9,4 | 23,7 | 36,3 |
| J Información e comunicacóns | 1.580.626 | 4,2 | 19.305 | 2,4 | 45,2 | 47,7 |
| K Actividades financeiras e de seguros | 1.804.881 | 4,8 | 18.435 | 2,3 | 52,4 | 41,7 |
| L Actividades inmobiliarias | 5.868.958 | 15,7 | 7.962 | 1,0 | 420,2 | 1,5 |
| M Actividades profesionais, científicas e técnicas | 2.029.708 | 5,4 | 53.412 | 6,6 | 20,6 | 55,6 |
| N Actividades administrativas e servizos auxiliares | 1.261.459 | 3,4 | 64.119 | 7,9 | 14,5 | 86,4 |


| Ramas de actividad | VEB (miles de euros) | VEB (%) sobre total sector | EMPREGO (postos de trabalho) | EMPREGO (%) sobre total sector | Produtivida de (VEB/Horas efectivas) (euros) | Remuneración de asalariados /VEB (%) |
|---|----------------------|----------------------------|------------------------------|--------------------------------|--|--------------------------------------|
| O Administración pública e defensa; seguridad social obligatoria | 3.367.400 | 9,0 | 55.129 | 6,8 | 36,6 | 71,7 |
| P Educación | 2.921.461 | 7,8 | 67.204 | 8,3 | 31,1 | 86,0 |
| Q Actividades sanitarias e de servizos sociais | 3.644.409 | 9,8 | 101.095 | 12,5 | 22,1 | 80,8 |
| R Actividades artísticas, recreativas e de entretenimento | 1.056.253 | 2,8 | 22.005 | 2,7 | 34,2 | 56,2 |
| S Outros servizos | 745.542 | 2,0 | 36.033 | 4,4 | 11,5 | 50,5 |
| T Actividades dos fogares como empregadores de personal doméstico | 490.055 | 1,3 | 53.859 | 6,6 | 12,5 | 100,0 |
| TOTAL SERVIZOS | 37.375.452 | 100,0 | 810.171 | 100,0 | 27,5 | 51,0 |

Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

Con respecto ao ano 2000 gana importancia dentro do sector servizos a “Hostalería”, as “Actividades inmobiliarias”, as “Actividades sanitarias e de servizos sociais” e as “Actividades profesionais, científicas e técnicas”. Pola contra, están a perder presenza relativa no sector servizos o “Comercio e reparación de vehículos”, a “Educación”, a sección de “Información e comunicacóns”, o “Transporte e almacenamento” ou as “Actividades financeiras e de seguros”. En


termos de emprego, gaña peso especialmente a sección “Actividades Sanitarias e de servizos sociais” e perde peso o emprego no sector do comercio e a “Administración pública e defensa; seguridade social obligatoria”.

Distribución do VEB no sector servizos. Anos 2000 e 2017 *Unidade: porcentaxe sobre o VEB total do sector(%)*



Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

Distribución do emprego (postos de traballo) no sector servizos. Anos 2000 e 2017 Unidade: porcentaxe sobre o emprego total do sector (%)



Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

Sectores característicos da economía galega

No IGE elaboramos dende o ano 2013 estudos referidos a diversos sectores da economía galega, incluídos nos programas estatísticos anuais na actividade de interese estatístico “[Análise estatística de sectores produtivos e da estrutura económica en xeral](#)”. Na seguinte táboa resumimos a evolución da súa achega ao PIB galego e a súa relevancia en termos de emprego.

Peso no PIB de sectores característicos da economía galega. Anos 2000, 2008 e 2017 *Unidade: porcentaxe (%)*

| Sectores | 2000 | 2008 | 2017 |
|--|------|------|------|
| Cadea forestal-madeira | 2,4 | 1,9 | 1,9 |
| Fabricación de vehículos e compoñentes | 2,0 | 1,9 | 1,6 |
| Ramas características do sector cultural | | 2,6 | 2,4 |
| Sector da minaría e fabricación de produtos minerais non metálicos | 1,9 | 1,3 | 0,7 |
| Sector da pesca | 2,4 | 1,6 | 2,0 |
| Sector do transporte e da loxística | 4,2 | 3,9 | 4,0 |

Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

Emprego de sectores característicos da economía galega. Anos 2000, 2008 e 2017 *Unidade: postos de traballo*

| Sectores | 2000 | 2008 | 2017 |
|--|--------|--------|--------|
| Cadea forestal-madeira | 29.544 | 27.448 | 23.051 |
| Fabricación de vehículos e compoñentes | 18.782 | 20.579 | 14.612 |
| Ramas características do sector cultural | | 36.704 | 33.675 |
| Sector da minaría e fabricación de produtos minerais non metálicos | 20.836 | 21.058 | 10.561 |
| Sector da pesca | 42.312 | 35.058 | 33.395 |
| Sector do transporte e da loxística | 44.537 | 55.667 | 49.034 |

Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

Pode consultarse a metodoloxía desta estatística na seguinte ligazón: [Metodoloxía](#)

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 15:00 h.)

Fax: 981 54 13 23

Sitio web: <http://www.ige.eu>